X CERTAMEN LITERARIO

Concello de Ames

narrativa e poesía

X Certame Literario

Concello de Ames

© Concello de Ames

Edita:
Concello de Ames
Praza do Concello, 2. Bertamiráns
15220 Ames. A Coruña

Maquetación:
Gráficas Garabal, S.L.

Depósito Legal: C 672-2014

Imprime:
Gráficas Garabal, S.L.
Santiago de Compostela

X Certame Literario

Concello de Ames

Narrativa e poesía

Textos premiados na edición do ano 2013

Concello de AMES

PRÓLOGO

Décima edición do Certame Literario Concello de Ames. Unha edición máis, pero non unha edición calquera. Tes nas mans o volume que recolle os traballos gañadores no X Certame Literario Concello de Ames. Para nós é un ano de celebración pois significa a consolidación dunha iniciativa que aposta polo fomento da creatividade como xeito promover a nosa cultura. Unha iniciativa que non sería posible sen a participación dos máis de mil cincocentos creadores e creadoras que, edición tras edición, contribuíron a que nestes dez anos de traxectoria se fose asentando e incrementando a ilusión e a vontade de converter o noso certame nun referente no panorama literario galego e nun trampolín para ir dando a coñecer nomes que, estamos convencidos, encherán os andeis das nosas librarías e bibliotecas.

Estes dez anos permítennos xa mirar para atrás con alegría e con orgullo ao recoñecer e asociar nomes do noso ámbito literario cos gañadores e gañadoras das diferentes edicións deste noso certame. Estes dez anos permítennos tamén mirar para diante e o éxito das dez edicións anteriores dános pulos para continuar traballando a favor da cultura galega con ánimo renovado e co convencemento de que iniciativas deste tipo, tamén apoiadas polo ámbito privado, neste caso a través da Fundación Feiraco, son cada vez máis necesarias para contribuír a acrecentar e a manter o acervo cultural na nosa lingua.

Cousas de rapaza, O dragón Filipe, Carapuchiña escura, Monstros de Tinta, Contos de medo ao atardecer, Viaxe a ningures, Un cesto chic, Sinestesia, Fetichismo, As amigas, Dereito a

soñar, A fada o reiseñor e unha canción de amor, Nihil, Imaxes, Cárcere dos pesadelos, O teu nome é Éufrates, O anxo breve e Fragmentos para C., son os retallos procedentes de Ames, Vigo, Burela, Cuntis, Negreira, Corcubión, Compostela, Brión, Noia, Ourense, A Estrada, Cee... cos que fomos tecendo este tapiz que agora vos ofrecemos en representación dos 154 traballos presentados á décima edición do Certame Literario Concello de Ames. Agardamos que a súa lectura vos sexa pracenteira.

María Eugenia Martín Vicente
Concelleira delegada de Cultura de Ames

TRABALLOS PREMIADOS

NARRATIVA

1ª CATEGORÍA (ata os 13 anos)

1º premio: Título: *Cousas de rapaza*
Autora: **Ana López Martínez** (Xilbana)

2º premio: Título: *O dragón Filipe*
Autor: **Xián Pazos González** (Bollillo)

3º premio: Título: *Carapuchiña escura*
Autora: **Blanca Barros Rubines** (Flor de toxo)

2ª CATEGORÍA (dos 14 aos 17 anos)

1º premio: Título: *Monstros de tinta*
Autora: **Sara Riveiro Capeáns** (Tinta)

2º premio: Título: *Contos de medo ao atardecer*
Autora: **Nerea Pérez Cerquides** (Will Stratt)

3º premio: Título: *Viaxe a ningures*
Autor: **Daniel Santos López** (Pumpún)

3ª CATEGORÍA (18 anos ou máis)

1º premio: Título: *Un cesto chic*
Autor: **Mario Caneiro Ameneiros** (Miña comadre)

2º premio: Título: *Sinestesia*
Autora: **Luz Cures Vázquez** (Borderline)

3º premio: Título: *Fetichismo*
Autora: **Rocío Leira Castro** (Silgar)

TRABALLOS PREMIADOS

POESÍA

1ª CATEGORÍA (ata os 13 anos)

1º premio: Título: *As amigas*
Autora: **María López Gabiá** (María)

2º premio: Título: *Dereito a soñar*
Autora: **Irene Rico Gómez** (Yarina)

3º premio: Título: *A fada, o reiseñor e unha canción de amor*
Autora: **Iria Freire Agra** (R.R. RUS)

2ª CATEGORÍA (dos 14 aos 17 anos)

1º premio: Título: *Nihil*
Autora: **Claudia Cives Caamaño** (Natureza agreste)

2º premio: Título: *Imaxes*
Autor: **Marcela Porto Mato** (Frío)

3º premio: Título: *Cárcere dos pesadelos*
Autora: **Ana Souto Villanustre** (Vagalume)

3ª CATEGORÍA (18 anos ou máis)

1º premio: Título: *O teu nome é Eufrates*
Autora: **Alba Cid Fernández** (Os escaravellos de Shanks)

2º premio: Título: *O anxo breve*
Autor: **Luis Rodríguez Rivera** (Anacronos)

3º premio: Título: *Fragmentos para C.*
Autor: **Ismael Ramos Castelo** (Ron)

XURADO

O xurado do **X Certame Literario Concello de Ames** estivo formado polas seguintes persoas:

Xosé Antonio López Silva (escritor e investigador)

Mariña Pérez Rei (escritora e profesora)

Armando Requeixo Cuba (crítico literario e profesor)

En representación do Concello de Ames, actuou como secretaria a técnica de Normalización Lingüística, Rosa Moreiras Cuñarro.

ÍNDICE

Narrativa

- *Cousas de rapaza,* **Ana López Martínez** 17
- *O dragón Filipe,* **Xián Pazos González** 27
- *Carapuchiña escura,* **Blanca Barros Rubines** 33
- *Monstros de tinta,* **Sara Riveiro Capeáns** 37
- *Contos de medo ao atardecer,* **Nerea Pérez Cerquides** 43
- *Viaxe a ningures,* **Daniel Santos López** 49
- *Un cesto chic,* **Mario Caneiro Ameneiros** 59
- *Sinestesia,* **Luz Cures Vázquez** 65
- *Fetichismo,* **Rocío Leira Castro** 73

Poesía

- *As amigas,* **María López Gabián** 79
- *Dereito a soñar,* **Irene Rico Gómez** 83
- *A fada, o reiseñor e unha canción de amor,* **Iria Freire Agra** ... 87
- *Nihil,* **Claudia Cives Caamaño** 91
- *Imaxes,* **Marcela Porto Mato** 95
- *Cárcere dos pesadelos,* **Ana Souto Villanustre** 101
- *O teu nome é Éufrates,* **Alba Cid Fernández** 105
- *O anxo breve,* **Luis Rodríguez Rivera** 113
- *Fragmentos para C.,* **Ismael Ramos Castelo** 123



Narrativa

COUSAS DE RAPAZA

Ana López Martínez (Xilbana)



1º premio de narrativa da 1ª categoría

EU SON

Eu son Anisia, unha moza da aldea. Son alta e ben parecida, un cacho de pan que di miña avoa. Vivimos nunha aldea perdida no monte, no inverno somos catro gatos, neva tanto que hai días que non se ve ningún veciño pola rúa, pero no verán é outra cousa, a xente vai pola rúa arriba e abaixo. Dá gusto, si señor!

Somos pobres, o meu pai e a miña nai traballan todo o día no campo. Temos unha parella de bois rubios que lle axudan ao meu pai a traballar a terra, e dúas vacas leiteiras. No galiñeiro temos unha ducia de pitas cun galo vermello, que polas mañas espértannos a todos. Temos catro ovellas e dúas cabras que a miña avoa moxe todos os días. En fin, iso é o que hai na casa. Ah! Esquecíame de Sabela, é a gata da miña nai, que sempre está a carón do lume na cociña, é unha preguiceira, aínda que a miña nai tenlle moito agarimo.

A CARTA

Onte chegou unha carta do curmán do meu pai. Marchou para as Américas hai anos, seica parece que lle van ben as cousas. Ao parecer chama por min, di que hai unha familia que precisa dunha rapaza que lle coide os meniños. A miña nai púxose a chorar da pena cando meu pai, que pouco saber ler llo dixo.

-Non hai mais remedio que mandar a rapaza con Anxo -dixo meu pai -. Aquí sempre será pobre.

En fin, entroume moito medo, eu que apenas sei ler e escribir, lonxe dos meus pais e da miña aldea. Mais Anisia nunca te viches noutra!

Andei durante uns días como escapada, case non se me oía, eu estaba como que a cousa non fose comigo, a ver se deixaban o tema. Aos poucos días a carta foise esquecendo e todo volveu ser coma antes. Mal pensaba eu....

O CURMÁN ANXO

Pola festa do Sagrado Corazón volveu da América o curmán Anxo e mais a súa dona María Luísa. Apareceron unha mañá polas corredoiras. Seica se formou un alboroto na aldea. Apareceron nun coche de cor negra, moi elegante. Nunca antes se vira outra cousa igual, agás o coche de liña e a furgoneta do doutor Marcelo, pero esta é ben velliña, nada que ver co coche do curmán Anxo. Parou diante da palleira e a miña nai, que andaba acomodando as pitas, botou a correr cara ao coche no momento que viu saír o curmán.

-Anisia!!- berrou- vai chamar ao teu pai que anda na Portela, axiña! .- dixo a miña nai toda contenta .-chegou o curmán Anxo e María Luísa , veña vai!

Eu marchei a correr cara á horta que lle chaman A Portela onde andaba o meu pai sachando nas patacas. Hei dicir que non me alegrou que chegara o curmán Anxo, non señor! Non me gustou nada, pois iso quería dicir que me levarían con eles e tiña que deixar a aldea.

-Que pasou rapaza? Que te trae por aquí?- preguntou meu pai.

-Dixo mamá que foras, acaba de chegar o curmán Anxo e mais María Luísa -dixen eu.

O meu pai soltou o sacho e saíu como alma que leva o demo pola horta adiante en dirección á palleira. Nin que dicir que a noticia correu coma a pólvora pola aldea, afeita a que non pasara gran cousa. Cando chegou o meu pai, o curmán estaba rodeado por un fato de xente que quería ver o coche e mais escoitar as novas de Anxo.

Non cabía dúbida de que a chegada do curmán Anxo era todo un acontecemento.

A FESTA

Na festa do Sagrado Corazón o cura saca en procesión a Virxe, saen pola rúa abaixo e cruzando a ponte, soben ao cruceiro que esta enriba do outeiro, dan una volta e volven cara á igrexa no fondo da aldea. É unha festa moi sonada, de Castrelo veñen os gaiteiros que pasean as rúas coas súas gaiteiradas, os raparigos van detrás xa que os convidan a viño e bica. Aquela mañá a miña nai sacou as mellores roupas, para o meu pai a camisa branca dos domingos e dos enterros, para ela o vestido verde que ten de cando casara. O curmán Anxo apareceu cun traxe de raíñas, seica lle chaman raia diplomática, segundo dixo cando lle preguntamos; a súa dona, María Luísa, levaba un sombreiriño moi ben feitiño enriba da cabeza. Dixo que era a última moda na capital.

Despois da misa fomos ata o Café, así é como se chama a taberna do Furruxe. Alí xúntanse a xente despois da igrexa para falar das cousas da vida, como di o meu pai. A miña nai tróuxome un vaso de limoada, nada que ver coa que fai a avoa. Nas tardes de verán a avoa espreme os limóns que recolle do limoeiro da nosa horta e bótalles azucre e auga.

-Bebe rapaza, a nosa limoada é o mellor para quitar a sede.- sempre di a avoa

Despois bota un pouco de pan con manteiga e enche unha garrafa coa limoada e imos coas vacas á eira grande. Como me gusta ir coa avoa, deixa as vacas que anden polo prado e nós buscamos unha sombra para merendar. Alí xuntámonos con dona Xosefa que tamén leva o seu gando e vai Maruxa, que é a súa neta. Ás veces xogamos ás escondidas, ou a tirar a pedra no regato, pero o que máis nos gusta é escoitar as historias das mouras e os contos da Santa Compaña.

A MOURA

A miña avoa sabe moitas historias, di que ten moitos anos e que escoitou moitos contos. A nai da avoa tamén as contaba, sobre todo a da moura de Niño de Aire. Enriba do monte hai un penedo grande que lle chaman Niño de Aire. Di a avoa que alí vive a moura Xilbana. Ao parecer é fermosísima. Leva un vestido branco ata os pés, ten uns cabelos moi longos que peitea cun peite de ouro. As lendas din que as mouras son almas das donas que protexen os tesouros dos mouros encantados, adoitan forma de serpe para protexelos, e prometen tesouros e riquezas a quen rompa o seu encantamento. Conta a avoa que Xilbana ten unha cadeira escavada na pedra onde senta a peitar os cabelos, mentres se mira nun regato que baixa ao carón. A xente da aldea ten medo de pasar por alí, porque a moura soe aparecer nos días claros e, se aparece, é un sinal de grandes desgrazas, os novos quedan namorados e morren de tristura. Moito me gustan estas lendas de misterio, de xeito que Maruxa e máis eu animamos ás dúas vellas para que conten máis historias.

- Non queda alí a cousa .- dicía dona Xosefa.- sendo eu unha rapariga, contábase no lugar que unha meniña, indo con gando ao monte, atopou cunha muller fermosísima que estaba a peitearse, a rapaza quedou tan encantada vendo peitearse a moura que esta regaloulle o seu peite de ouro, pero díxolle que non llo podía contar a ninguén, que era o seu segredo. A rapaza cando chegou a súa casa, sen perder o tempo contoullo a súa irmá, e decidiron ir ao día seguinte en procura da muller. E así foi, a mañá seguinte marcharon as dúas irmás cara ao sitio onde a atoparan. Alí estaba. Cando viu que chegaban as dúas rapazas, toda enfadada preguntoulle porque lle contara o segredo á irmá. Esta díxolle que quería que o soubera. A moura toda enfadada converteuse en serpe e seica comeu as dúas raparigas.

-E foi a moura Xilbana quen o fixo?.- preguntei eu, chea de medo.

- Había de ser, por estes lares non se sabe doutra.- rematou dona Xosefa.

Durante uns días andei chea de medo. Non me afastaba da aldea e andaba toda teimada. Aínda cando a miña nai me mandaba ir ao galiñeiro a polos ovos das pitas ía coma un lóstrego, non fora que se me fose aparecer a temida moura.

O SEÑOR SÁNCHEZ

O meu pai atopou traballo. Por riba da aldea van facer un túnel para que pase o tren que vai á vila, seica din que tamén van facer un apeadoiro para que pare o tren. A xente esta toda alporizada. No Café, apareceu un home que é o encargado da obra. Din que vai contratar a xente do pobo para traballar no túnel. O señor Sánchez, que é así como se chama, ía todo traxeado. Era alto e ben plantado, tiña un pequeno bigotiño e na man sostiña un bastón no que se apoiaba ao camiñar. O Furruxe preparoulle unha táboa ben limpa, xa que tivera a súa muller que, chámanlle a Furruxa, fregando nela. Unha vez que sentou na cadeira sacou un caderno e díxolle á xente que estaba esperando que empezaran a pasar.

-Solamente adultos y jóvenes en edad de trabajar- dixo nun castelán finísimo.

A cada un que pasaba tomáballe o nome, apelidos e idade. Tocoulle a quenda ao meu pai que respondeu coma todos. A unha do mediodía rematou o traballo. O señor Sánchez comeu no bar un guiso que fixera a Furruxa e marchou á aldea veciña seguir co seu traballo.

Tardamos vinte días en ter novas, pero un bo día volveu aparecer. Traía un listado de xente. Chegou ao bar do Furruxe que lle volveu a poñer a táboa é empezou a chamar a xente.

-Cuando diga el nombre se acercan a la mesa - volveu a dicir no seu castelán.

Chegou a quenda do meu pai, achegouse e o señor Sánchez díxolle que tiña que asinar o contrato. O meu pai asinou con seu nome que era das poucas cousas que sabía escribir. Traballarían ata rematar o túnel e pagaríalles tres cadelas ao día. O meu pai volveu cheo de ledicia. Con sorte estaría traballando varios anos naquel túnel e colocando as vías do tren. O señor Sánchez elixira moitos homes para o traballo, era unha boa nova.

A AVOA

As tardes de verán son moi quentes na aldea, a rapazada xuntase na ponte, á beira do río. O Río Pequeno é como lle chaman ao río que pasa polo fondo da aldea. Alí hai unha poza que leva unha auga friísima. Os rapaces tíranse de cabeza na poza dende unha pedra e andan a batuxar na auga. Eu séntome con Maruxa e Carme e metemos os peíños na auga para refrescarnos, logo sentamos a sombra a falar das nosas cousas. Carme contounos que ía marchar á vila a traballar nunha casa de chocolates. A a súa nai coñece os donos dunha pensión que son boa xente e teñen familia na aldea. Eu non lle comentei nada da viaxe a América porque cría que non marcharía e por iso non estaba a falar do tema.

De súpeto, pola corredoira abaixo vimos pasar a furgoneta de Don Marcelo, o médico, ía como un lóstrego ao alto da aldea. Cando o vimos pasar con tanta presa pensamos que Ramona, a muller de Xoán, o carpinteiro, puxérase de parto. Non era si, deseguido apareceu María Luísa chamando por min. Don Marcelo fora á nosa casa, a avoa caera dun lombeiro abaixo cando ía recoller a ovellas ao monte. Cando chegamos a casa, as caras non dicían cousa boa. Todos estaban calados e miña nai choraba polo baixo.

- Está moi mal.- dixo o médico.- non sei se chegará a mañá, o golpe da testa é moi grave.

A avoa caera do lombeiro, si, e ao caer golpeara a cabeza nunha pedra. Coitadiña avoa, ela que sempre me estaba a rosmar dicindo que tivera conta de non caer, e vai ela e non para ben.

Don Marcelo pasou a noite na casa, ninguén durmiu co interese. Contra a mañá, miña nai saíu do cuarto chorando. A avoa morrera. Así o dixo o médico. Non se puido facer nada por ela, o golpe fora moi forte e xa era moi velliña. O meu pai marchou chamar o crego que veu cun pequeno cartafol. Cara ao mediodía colocaron a avoa nunha caixa de madeira no comedor. Nós sentamos arredor e empezou a chegar a xente. As vellas rezaban polo baixiño e dábannos bicos á mamá e a min. O meu pai estaba na escaleira co curmán Anxo falando cos homes. Así estivemos toda a noite ata que ao día seguinte o crego levouna para o cemiterio. Alí temos un panteón familiar onde xa esta o avó Xosé. Así se foi a avoa, sen despedirse. A miña nai púxonos de loito a todos na casa e ofreceu unha misa pola súa ánima.

E CHEGOU O DÍA

Xa pasaran dous meses dende que o curmán Anxo volvera da América. O verán xa empezaba a rematar. Aquela mañá meu pai falou comigo e díxome que o curmán marchaba nunha semana e que eu iría con el. Eu xa sei que era o mellor para min, pero despois de morrer a avoa non tiña ganas de marchar. Así llo dixen ao meu pai, pero xa non había volta atrás.

- Mira rapaza, se de aquí a un tempo non che van ben as cousas, podes volver- dixo meu pai.

A miña nai foi falar co mestre para dicirlle que no iría á escola ese inverno e de volta parou na casa do crego e comentoulle que non iría á catequese, xa que ía marchar.

Xa estaba todo disposto. Aquela mañá erguémonos cedo, pois o curmán quería saír pronto. Tiñamos unha longa viaxe ata o porto. O barco saía o día seguinte e aínda había que chegar á cidade.

O sol saíu cedo. Ía estar bo día. O curmán cargou os tarecos no coche e empezouse a despedir. Deille un bico ao me pai e una aperta á miña nai. Empezamos a chorar e vin unha bágoa caerlle

ao meu pai dos ollos. María Luísa colleume e subiume o coche, o curmán arrancou e empezamos a subir pola corredoira. Eu ía chorando e dicindo adeus coa man. Xa non vía os meus pais. A aldea xa quedaba lonxe. Na seguinte curva deixei de ver os lombeiros e só quedaba o penedo de Niño de Aire. Lembreime da moura Xilbana e da avoa, das tardes que pasara na súa compaña oíndo os seus contos e sentín unha gran morriña. Aquí remataba todo. Adeus ás cousas de rapaza.

O DRAGÓN FILIPE

Xián Pazos González (Bolillo)



2º premio de narrativa da 1ª categoría

Filipe era un dragón que vivía nos Montes dos Dragóns do Aire, estas son unhas montañas moi altas que se atopan en Noruega.

A Filipe dende moi pequeno gustáballe moito falar e aprender idiomas, polo que lles dicía aos seus pais que quería viaxar porque lle aburría o noruegués, pero os seus pais non lle deixaban. Na escola aprendían inglés e falábao moi ben pero non lle chegaba.

Os reinos dos dragóns estaban sempre en guerra por decidir cal era a lingua máis importante. Os do reino de Francia gobernábaos Napoleón, aos da Alemaña, Hitler e en África loitaban os rebeldes.

Felipe estaba canso da guerra e un día escapou da súa casa e dirixiuse a Europa para aprender moitas linguas.

Primeiro foi a practicar o seu inglés ao Reino Unido e aprendeu moito. Logo foi a Francia e aprendeu francés para poder falar con Napoleón, aínda que este non lle fixo nin caso, Filipe díxolle que lle ía demostrar que as linguas non son as culpables das guerras, senón os homes.

Logo foi a España onde quedou abraiado porque había varias linguas. Primeiro foi ao norte onde había unha terra chamada Euscadi onde se falaba unha lingua chamada éuscaro. Despois foi a Cataluña onde case que todo o mundo falaba a lingua dese país, o catalán. No centro de España estaba outro reino, foi dar a Madrid, onde se falaba perfecto castelán. E para rematar a viaxe por España visitou unha terra moi verde que se chamaba Galiza onde as xentes falaban o galego.

De España marchou a Italia onde aprendeu o italiano e onde, con tantos idiomas que aprendera, ocorréuselle unha idea: 'E se fago unha lingua con todos os idiomas do mundo?'- pensou.

Foi á Alemaña a dicirllo a Hitler, o seu gobernador.

- Ja, ja, ja. Idiomisqui mezcladisqui todisqui mundisqui - riu Hitler.

Felipe enfadouse moito e marchou visitar outros lugares e aprender as súas linguas.

Empezou por Rusia, o ruso era moi difícil e custoulle moito aprendelo. Logo cruzando os Montes Urais chegou a Mongolia, onde a pesar do frío aprendeu mongol. Visitou Indonesia onde aprendeu indonesio e comeu o mellor arroz que probara na súa vida. E logo en China aprendeu chinés. Antes de deixar Asia, visitou Xapón para aprender xaponés e Corea onde, ademais de aprender coreano, evitou que tiraran unha bombas atómicas ás Illas Marianas.

Cambiou de continente e pasou a Oceanía onde aprendeu inglés australiano en Australia e maorí en Nova Celandia.

Como non había moitos países que visitar en Oceanía decidiu marchar para África e dirixiuse a Angola onde aprendeu o portugués que, como xa sabía falar galego, non lle resultou nada difícil. Logo visitou Marrocos onde cos nómades do deserto do Sáhara aprendeu a falar bereber e a beber leite de camela. En Arabia Saudí aprendeu o árabe e pasou moitísima calor.

No centro de África coas tribos rebeldes aprendeu todas as linguas que falaban e, unha vez que podía comunicarse con eles, tentou convencelos de falar unha única lingua que englobara a todas. Aos africanos non lles gustou nada a idea e, temendo pola súa vida, fuxiu cara a América.

En América visitou Arxentina, Bolivia, Perú, Venezuela, e Cuba e, aínda que en todos estes países se fala castelán, teñen moitas variedades dentro deste idioma que el aprendeu rapidamente.

Con todos estes países visitados, deu por rematada a súa viaxe decatouse de que a xente amaba a súa propia lingua e non querían cambiala, así que decidiu reunir os gobernantes e rebeldes que estaban e guerra para falarlles.

- Despois de percorrer o mundo e de aprender moitísimas linguas decateime que a xente fala a lingua que ama e non ten

sentido loitar, todas las linguas son fermosas e enriquecen o noso mundo. Vivamos en paz e aprendamos cantas máis linguas mellor.

Así foi como o dragón Filipe pasou a historia por conseguir acabar as guerras polas linguas e agora cada país ama a súa lingua e tenta facer que os seus nenos aprendan linguas distintas para relacionarse con outras culturas.

CARAPUCHIÑA ESCURA

Blanca Barros Rubines (Flor de Toxo)



3º premio de narrativa da 1ª categoría

Entón ela decidiu gardar silencio para sempre. O que acababa de contemplar era demasiado tráxico como para falar diso. O vento arrastráballe o seu gran vestido negro, vello e sucio, por aquel sufrimento. Toda ela engalanada agardando, coma se fose unha ferida mal curada. As horas pasaban paseniño, sentía como comezaban a asaltala as lembranzas. O segredo non era máis ca unha observación ou unha palabra e aquel estaba sendo eterno. Recordaba, recordaba e recordaba e as imaxes que vía non a deixaban seguir, pero por dentro o seu corazón empuxábaa para que repetira a sensación. Non era a primeira vez que Xonxa o fixera, non pensaba en deixalo así por así. Era tradición e herdanza que proviña dende os seus antepasados. A súa estirpe era poderosa, pero nela pesaba unha terrible maldición. A orixe desta, remontábase a séculos escuros. Era estraño, pero non raro para a súa familia, xa acostumada a esta vida, unhas vidas con sangue frío e corazón xeado.

Observando estaba Xonxa, xa transcorrera un tempo. O que acababa de facer non a deixaba traballar, coma o facía normalmente. Podía ser cruel, e moito, pero esa cariña apenas visible, facíaa cativadora, dócil e atraente. Para o seu traballo había que ser astuto e só había un posto en todo o mundo, en concreto o de Xonxa. Ela valía, en cambio non a adoraban nin a querían, soamente a súa familia era quen de admirala. Ninguén quere ser o seu amigo ou amiga, pero ela en cambio é amiga de todos. Non é fácil vela, pero ela si que te está vendo a ti, é silenciosa.

Xonxa é popular e fanse contos e historias sobre ela. A ela non lle afecta nada, pero á hora da verdade víngase, dunha maneira ou doutra, normalmente como e cando ela quere.

Xonxa estaba soa no mundo, un mundo ao que describía irreal. Cando vía un chaveiro poñíaa nerviosa, quería que foran da súa posesión, pensaba que tiña que ser ela a que abrira o Outro Mundo ou O Mais Alá… Cando non tiña quefaceres que rematar, collía o seu diario de cando era pequena e… botaba máis que unha bágoa. Alí detíñase a mirar todos os seus recordos con moi-

to reparo, un resume da súa vida. Ledicia e tristura mesturábanse nunha historia que xa ía quedar para sempre na súa memoria. Tamén se vía en estrañas fotos, unhas fotos que nunca vira, aínda que tiña un recordo vago. "Unha rapariga de pouca idade, enredante, rodeada do seu suposto Pai. Xente vestida sempre de negro, do escuro, á que non se lle vía a cara… Uns recordos en cor, os que Xonxa só ve en branco e negro. Outra cousa que nunca se lle esvaecerá da memoria, era aquelas casiñas pequerrechas que facía nas árbores con ósos que lle traía seu Pai do traballo, uns ósos aos que agora lle entende o porqué. Tiña amigos e amigas cos que á media noite os facían andar, cunhas cadeas atadas nos pés, nos montes, e cos que só un conseguiría o posto principal… aquí na nosa Galicia tan próxima."

Ese día chuvioso e de tormenta, o día apropiado para comezar, unha vez máis, a súa tarefa aínda que para ela non hai un día específico, encontrouse coa súa vítima, que estaba desamparada. Paseaba sen rumbo fixo, ata que se decatou e sentiu o desexo que agardaba. Cando chegou alí, a ese lugar esvaído, xa sentira ese cheiro que só ela coñece. Sentíase atrapada polo desacougo, tratando de adiviñar que había detrás daquela revelación. A súa voz murmuraba coma se fose o vento. Estaba alí, coma se estivese esperando por ela, agochada nun canto. A súa expresión era melancólica. Víronse e Xonxa fixouse nela, coa mirada penetrante e intensa. Non fixeron falla palabras, entendéronse á perfección. A vítima tiña pánico e percorríanlle bágoas polas meixelas, xa vía o seu próximo futuro. Suplicáballe cos ollos cheos de carraxe pero estaba feble, sen fortaleza, para deixarse levar pola sutileza de Xonxa. Esta colleu o seu fouciño, coa súa carapucha negra e atopou a súa satisfacción. Estando alí, volveu a observar o lugar e uns ollos pequeniños encontrábanse cos dela. Un ser diminuto, faise ver ao lado do cadáver. O seu ollar fai preguntas coas que Xonxa estremece. Non ten resposta. Entón ela decidiu gardar silencio para sempre, porque o que acababa de contemplar era demasiado tráxico coma para falar diso.

MONSTROS DE TINTA

Sara Riveiro Capeáns (Tinta)



1º premio de narrativa da 2ª categoría

A porta abriuse cun renxer que semellaba o dos antigos contos de medo que lles adoitaba contar ós seus amigos. Xa de cativo el sempre fora máis esperto, máis maduro, máis cruel.

É curioso que nese momento, cando os seus pensamentos debían ser un caos tinxido dun temor histérico, o único que podía pensar era o irónico que era que agora fose el a vítima dunha das súas amadas historias.

As personaxes que creara, todo ese mundo que fixera chorar ós demais nenos, que preocupara por igual a familia e profesores cando lían con estupefacción os seus relatos, cos labios tensos antes de soltar a xa coñecida frase "Tes... unha gran imaxinación, neno"…

Un par de anos despois, xa se dera conta de que esa non era máis ca unha forma delicada de dicirlle o mesmo que afirmaban os demais rapaces con rancor: que el era raro, que non era normal.

E agora que, incapaz de manter unha soa relación de calquera tipo polo seu carácter violento e impredicible, vivían sós nun pequeno apartamento el e os seus contos, os seus contos e el, atopábase a si mesmo fuxindo da súa propia mente.

Encontraba lóxico o rancor do resto do mundo cara a el, pero só agora, só unha vez que mordera a lingua e se envelenara, sabía como queimaba o seu ácido preferido nas veas, desfacéndoo todo ó seu paso. Tiña que recoñecer que era irónico.

Abría porta tras porta, atopando ás súas queridas pantasmas, pero estas, en vez de reconfortalo como adoitaban facer, atormentando ó resto do mundo, descargaban as súas torturas contra el, que non podía facer nada máis que deixarse arrastrar tropezando de golpe en golpe, notando estrañado como, por algunha escura razón, estes non lle estaban deixando marca ningunha. O seu corpo negábase a aceptar hematomas e cortes, pero a súa cabeza asimilábaos todos.

Nalgún momento de lucidez pensou que, no caso de sobrevivir, este sería un serio inconveniente para cando presentase unha denuncia na policía. Pero deuse conta cun sorriso irónico (que se viu cortado ó momento por unha puñada certeira directa á boca do estómago de parte dun estragado e vello oso de peluche sinistro) de que nin anque gravase a agresión e conseguise que algún dos seus queridos monstros (que non parecían estar moito polo labor de axudar) se declarasen culpables, ninguén ó crería.

Mentres facía o xesto de cuspir o sangue que lle impedía respirar (só o xesto, porque a súa mandíbula seguía en perfectas condicións, por estraño que parecese aínda que notaba todos e cada un dos cortes na súa boca) preguntouse en que momento exacto comezara o seu pesadelo.

Seguira a súa rutina habitual, espertara con dor de cabeza, despois dunha noite enteira na que nin a súa acostumada botella de vodka lle axudara a crear ningún material novo para as súas historias.

De repente sorriu cun aceno sádico, notando como unha idea empezaba a nacer na súa cabeza. Sentou no estudio excitado, pero antes de poder coller o lapis para facer nada, viu sorprendido como a porta se pechaba cun golpe brusco que de ningunha maneira podía ser simple froito do vento, e todo isto seguido dun riso macabro.

Pechou os ollos, tratando de conter a emoción. Sabía o que ía pasar despois. Recoñeceu ó momento o comezo dun dos seus primeiros contos, aquel que provocara pesadelos en todos os rapaces do colexio. As súas sospeitas víronse confirmadas ó ver como da porta empezaba a saír un fluído vermello que identificou como sangue e que en pouco tempo encharcaba todo o chan do cuarto. Calquera persoa estaría atemorizada, el non, non despois de tantos anos esperándoo.

Emocionado, sorriu. Eran os seus monstros, viñeran, por fin estaban con el. Xa non estaría só.

Achegouse á porta como o faría calquera noivo o día da voda, nervioso antes de levantar o velo da súa amada, consciente de estar a punto de dar un paso moi importante na súa vida.

Non lle importou manchar os zapatos de sangue á hora de pisar o improvisado altar, pero cando abriu a porta e, como xa esperaba, atopou un baño de sangue e nel a todos os seus mellores amigos, deuse conta ó ver as súas caras de que talvez non viñesen para estar con el. Talvez, e só talvez, viñeran a por el.

CONTOS DE MEDO AO ATARDECER

Nerea Pérez Cerquides (Will Stratt)



2º premio de narrativa da 2ª categoría

-Ao atardecer, baixo a árbore máis grande do outeiro, alí nos veremos.- dixo Alex cando lle propuxen ir a contar historias de terror.

E alí fun, atopei a árbore sen ningún contratempo, xa que todas as demais eran pequenas debido a que os replantaran despois do incendio de seis meses atrás, era unha árbore magnífica da que dicían que tiña máis de cen anos e, a única que sobrevivira ao incendio. Agardei baixo ela a que chegara o atardecer e con el, Alex.

Cando por fin o sol comezou a agocharse Alex apareceu, seguido dunha rapaza , se era a súa moza vaia momento elixira para presentarma!

-Ola Marcos, levas aquí moito tempo? Supoño que si dado o teu medo á escuridade.- dixo Alex burlón.

Fíxose un incómodo silencio no que fiquei mirando para el para ver se se decataba do obvio, non coñecía á rapaza que estaba á súa beira. Por fin se decatou e falou.

-Esta é Tamara, estamos saíndo xuntos.- dixo tranquilamente.

Debín de poñer tal cara de sorpresa que a rapaza botou a rir e, aínda divertida, dixo:

-Non digas parvadas, home, que o pobre ata o creu, e ademais non sairía contigo nin por un millón de euros.

-Veña que só era unha broma! Non valeu a pena ver a súa cara de sorpresa? – dixo aínda ríndose Alex.

Puxen cara de enfado e preguntei molesto:

-Comezamos dunha vez?

-Si, si. Quen quere comezar? Que tal Tamara xa que é a primeira vez que ven?- preguntou Alex.

-Ben, a miña historia comeza así:

“Era unha noite escura, as estrelas estaban agochada tras as nubes grises das que caía unha chuvia lixeira pero constante.

Un peregrino que se dirixía cara Santiago dende Fisterra andaba baixo a chuvia porque no anterior albergue no que estivera non tiña sitio polo que agora camiñaba cara o seguinte albergue, no medio da noite e dun lugar completamente descoñecido.

Seguiu camiñando a un lado do asfalto ata toparse cunha parada de autobús, por fin, pensou, por fin poderei descansar un pouco. Dentro da parada había unha muller maior cun sombreiro de palla.

-Desculpe señora, o próximo albergue queda moi lonxe?- dixo sen obter resposta.

Achegouse máis e puxo a súa man sobre o ombro da muller.”

-Non rematará aquí, non?-preguntamos os dous á vez.

-Non só me quería divertir un pouco coas vosas expresións, pero xa sigo:

“Axitouna lixeiramente e, entón a cabeza da muller caeu ao chan e rodou cara a estrada, onde o peregrino viu a varias figuras de pé mirando cara a el, comezaron a achegarse a el lentamente e, acabaron coa súa vida deixando o seu corpo atrás como cebo para outros viaxeiros que buscaran refuxio neses lares.”

E así rematou a historia de Tamara. Eu, asustado, non puiden evitar mirar atrás, a escuridade do pequeno bosque.

-Non estivo mal.- concedeu Alex- Agora vou eu.

Dixo mentres comezaba o seu relato e a noite nos envolvía completamente na súa escuridade.

“Nun instituto galego, un día os alumnos e alumnas comezaron a desaparecer, segundo os rumores a culpa tíñaa o vello edificio abandonado ó lado do instituto, no que, segundo os mesmos rumores morrera un rapaz e que a súa pantasma levaba a outros rapaces para que lle fixeran compaña. Antes de levalos deixaba unha marca nos seus pupitres, unha M cun circulo.

Un día dous rapaces recibiron esta marca polo que decidiron investigar esa mesma noite o edificio abandonado en vez de esperar a súa morte.

Un dos rapaces chegou máis cedo. Esperou, pero pensou que o outro rapaz se acovardara polo que decidiu entrar.

O outro rapaz chegou un pouco máis tarde e non viu ninguén así que decidiu esperar ata que escoitou un berro enxordecedor e viu unha figura moverse por detrás dunha ventá. Entrou sen pensalo, acendeu a lanterna que levaba con el e comezou a buscar, aula por aula ata que chegou a aula de 3-C de onde proviñan ruídos de pasos, entrou e a porta pechouse detrás del, non había ninguén alí. Achegouse á mesa do profesor e mirou cara a abaixo, conxelóuselle o sangue ao ver unha figura totalmente branca, dun branco fantasmal que brillaba lixeiramente pero, o que máis aterrorizou ao rapaz era a cara do fantasma. No lugar onde debían estar os seus ollos só había dous buratos negros. O rapaz soltou a lanterna e botou a correr cara á porta. Antes de chegar, outra figura branca comezou a baixar do teito, unha vez que tocou ao asustado rapaz este caeu inerte e con dous buratos no lugar dos seus ollos."

-Ben! Tócache Marcos.- dixo Alex alegremente rompendo a tensión.

E comecei a miña historia, a última.

"Dous rapaces e unha rapaza decidiron contar historias de terror ao lugar máis terrorífico da cidade, a mansión abandonada. Quedaron ao atardecer nese lugar.

Cando chegaron todos, entraron na mansión e entraron no gran salón, no que había unha soa cadeira xunto á ventá. Sentaron na alfombra do centro e comezaron. Escoitaron pasos no segundo piso, foron mirar e, ao entrar na terceira habitación que rexistraron, un lóstrego iluminou o cuarto e viron un corpo colgando do teito, aforcado.

Saíron correndo do lugar mentres unha vella xa sen dentes ría ruidosamente, unha vella que non chegaron a ver."

-Xa está? Vaia final. -criticou Alex mentres Tamara asentía.

-Perdón, non se me dá moi ben isto de contar historias de terror …

-Xa é moi tarde, volvamos para a casa -interrompeu Tamara.

E así os tres marchamos para a casa aínda que Alex e Tamara nunca chegaron. Hai quen di que lles ocorreu o mesmo que contaron porque nunca se volveu saber nada deles. En canto a min, escribo isto como recordatorio do que pasou e, para que despois da miña morte... que penso que non será dentro de moito xa que as súas pantasmas comezan a achegarse cada vez máis … non podo soportalo …

VIAXE A NINGURES

Daniel Santos López (Pumpún)



3º premio de narrativa da 2ª categoría

Duarte espertou coma se non durmise nada esa noite, aínda que realmente así fose. Desde que soubo que ía embarcar nun mercante con rumbo a Cuba, non pegara ollo. Non tiña medo, nin sequera estaba impaciente, simplemente era un traballo máis, pero, sen saber ben o porqué, déralle voltas unha e outra vez na cabeza desde había case un mes.

A débil luz do amencer filtrouse pola fiestra da habitación. Levábaa esperando toda a noite. Duarte púxose en pé, vestiuse e baixou os chanzos da escaleira ata a cociña.

-Bos días nai. -dixo con voz rouca.- Que fas aquí destas horas esperta?

-Ai Duarte, queríame despedir de ti...

Este sorriu con gran dozura ao ver os olliños da súa querida nai.

-Recende moi ben- Ficou cara a tixola ao lume que súa nai tiña ao seu carón.- Que me preparaches?

-Uns oviños con pan de bola, fritidos. Ben sabes que moito máis non é que teñamos.

-Xa sabes que devezo por ese almorzo nai -replicou o mozo-.

-A que hora debes estar no peirao, neno?

-Ao mediodía. -contestou Duarte aínda coa boca chea.-

-Tes todo listo? A bolsa preparada xa?

-Si nai, non te preocupes máis. Téñoo todo.

- Está ben, fillo. -dixo a súa nai con mirada triste.-

-Non te preocupes nai, levo media vida no mar. Aprendín a nadar antes que a camiñar. A única diferenza é que agora pasarei máis tempo fóra, nada máis. -dixo con voz melosa e suave para tranquilizar á pobre vella.- -Volverei antes de que te decates- mentiu, sabendo que tardaría meses en volver.

-Iso espero fillo, iso espero...

O rapaz ergueuse da mesa da cociña, bicou agarimosamente a meixela da súa nai, e logo deulle una aperta que el temporizou como unha eternidade. Recolleu a bolsa de viaxe e as súas outras pertenzas, saíndo á rúa e mirando cara ao horizonte ateigado de gaivotas.

Era abril de 1865 nunha vila da Costa da Morte e, malia que a primavera xa chegara, aínda se respiraba o frío invernal. A Duarte sempre lle gustara vivir alí, cos seus carreiros, ao igual que a súa xente e todos eses estraños personaxes que de vez en cando se achegaban desde lugares afastados ao Finisterre.

Dispúxose a baixar á rúa da panadería e a torcer cara á dereita en dirección ao porto. Polo camiño parouse saudar os veciños que xa sabían a onde se dirixía. Antes de saber que ía marchar embarcado, Duarte baixaba todas as mañás cara ao porto a ver se algún patrón necesitaba dos seus servizos. De vez en cando saía faenar con algún mariñeiro, ou limpaba a cuberta dos barcos. Estaba disposto a traballar de calquera cousa con tal de levar algo de cartos á casa.

Ao chegar ao peirao encontrouse co mesmo home que o contratara había xa un mes, para que así se encargara da cuberta.

-Home! -saudou o vello.- Vexo que ao final viñeches e non quedaches acochado entre as saias da túa nai.

-Bos días capitán! Como non ía vir? -replicou Duarte cun gran sorriso na súa cara, e un grande entusiasmo.-

O capitán era xa un home maduro, duns sesenta e tantos anos, forte e coa pel curtida despois dunha vida baixo os raios do sol. O pelo crecho e con canas. Unha pequena cicatriz rosada, aparentemente recente, marcaba a súa fronte.

-Zarpamos ás doce do mediodía. -dixo co seu vozarrón.- Agora entra xa no barco e deixa as túas pertenzas no camarote.

O rapaz obedeceu e subiu ao barco. Aínda que non era grande, para Duarte si que o era, en comparación con outras pequenas

embarcacións nas que ata o de agora traballara. Tiña dúas grandes velas, cun gran mastro de quince metros entre cada unha, e a cuberta era moi ampla, ateigada de numerosos aparellos. Accedíase ao interior por unha escada desde a propia cuberta. Dentro, Duarte atopouse coa tripulación restante que xogaba animadamente ás cartas, e maldicindo a cada pouco. No momento en que o neno, que así era como el se sentía en comparación, puxo un pé no habitáculo, todos o miraron con ollos de maragota. Á fin, un deles preguntou:

-Es ti o grumete?

-Si... Si, son eu. -tatexou o rapaz.

Duarte avanzou pola pequena estancia entre a atenta ollada de todos e cada un dos mariñeiros presentes, que logo retomaron o xogo. Contou nove homes en total. Deixou as súas cousas nun vello catre baleiro e subiu de novo cara á cuberta, deixando atrás o nauseabundo cheiro a tabaco barato e as risadas dos tripulantes.

Contemplou a vila con profunda e infinita tristura. Por última vez antes de marchar.

Entrada a noite xa percorreran varios nós, e encontrábanse en mar aberto. Cearon unhas patacas con peixe fervido. Aínda que para Duarte o peixe non era prato da súa devoción, devorouno sen contemplacións e deixando tan só as espiñas non comestibles. A tripulación estaba formada por once homes en total.

Duarte apenas falou ao longo da cea, mais atendeu á conversa, pois era do seu interese. Falaban de Cuba, de como sería cando chegasen alá, pois tan só o capitán estivera por alí máis veces. Polo que escoitou, todos imaxinaban unha especie de paraíso. Aínda así, parecíanlle unhas descricións aprendidas.

O rapaz fixouse nun dos homes, apartado nunha esquina da mesa. O home, que non falara ren en toda a cea, non quitaba o ollo de enriba a Duarte que, intimidado, fuxía da súa ollada.

Era máis ben baixiño, co pelo case rapado e a barba mal afeitada. Vestía farrapos e un dos seus ollos medio toupos era de vidro mal pulido. A Duarte non lle causou boa impresión. Fixouse tamén en que o estraño personaxe non tiña prato, nin garfo, nin culler. Iso sorprendeuno, pois a tripulación restante si que os tiña e comeron da caldeirada en canto chegou á mesa.

Un dos mariñeiros mirou a Duarte de esguello e preguntoulle novamente:

-Así que ti es o grumete, non si?

Duarte afirmou a pregunta, cun xesto da cabeza.

-É un choio duro, e pásase moito frío, e as noites son solitarias e eternas... Cando era novo traballei durante meses na cuberta dun barco. Sei ben o duro que é. -informoulle o home.-

-Éche o que hai, Creo que o poderei facer ben. -comezou a dicir o mozo.- Ademais, gústame a soidade. -acabou, con ton irónico e medio riso debuxado na cara.-

Todos os presentes escacharon a gargalladas. Todos menos o estraño vello da esquina.

A primeira noite foi calma. O traballo de Duarte consistía nada máis que en montar garda e estar atento, cun ollo espreitando ao tempo pois, se este cambiaba, o seu deber era avisar a tripulación. Tendo en conta que o barco transportaba un gran cargamento de viño, tanto branco coma tinto, espertar os mariñeiros era o máis duro do seu traballo. Ou iso era o que imaxinaba.

O mozo vagaba dun lado para o outro na súa cuberta para así non quedar a durmir. Fumaba dunha vella pipa que pertencera ao seu pai e cantaba cancións para así facer que o aburrimento fuxise.

Os días pasaban entre tranquilas noites, sen falta de avisar por mor de cambios bruscos no tempo, na metade dunha escuridade case absoluta de non ser pola lúa, ata que unha noite, sen o menor aviso, de entre as tebras soou unha voz rouca:

-Boas, mocosiño...

Dun chimpo, Duarte deu a volta e preguntou:

-Quen anda aí?

Non obtivo resposta ningunha. Duarte dirixiuse cara ao mastro e, coa axuda dunha lámpada de aceite que atopou e prendeu, alumou para así ver ao outro lado grumete. Para a súa sorpresa, alí encontrábase aquel home chosco dun ollo.

-Merda...! -dixo o rapaz entre dentes.- Déchesme un susto de morte, case me sae o corazón do peito.

O misterioso home sorriu, e despois dunha gargallada profunda dixo:

-Vin falar un pouco ho! Ultimamente cústame prender o sono. Chámome Xosé.

A débil luz proporcionada pola lámpada facía que o seu sorriso parecese irreal nesa cara tan murcha.

-Eu son Duarte. Encantado, Xosé. -dixo o mozo mentres se acercaba con un aquel medorento e estreitaba as súas mans ásperas e cuarteadas.-

-Sabes? -comezou a preguntar o vello mentres prendía un misto para achegar ao cigarro que tiña entre os beizos.- O océano ten algo... Non sei; máxico, feiticeiro e engaiolante. Nunca sabes que é o que podes atopar ao outro lado.

-Neste caso si: Cuba! - respondeu Duarte mentres fitaba a escuridade infinita do mar.

-Xosé, vello lobo de mar, volveu rir e, mentres soltaba o fume do cigarro polo nariz, dixo: -Parviño de ti. Iso é o que pensas. Pobre inxenuo.

-Non entendo. -estrañouse Duarte.- Logo... Cara a onde tomamos rumbo?

-Non o sei, mais un barco que se dirixe a Cuba non vai cara o norte, senón cara ao oeste. E nós onde vai que estamos indo cara ao norte; desde que saímos do peirao.

Xosé sacou o compás do pantalón e mostrou ao mozo o rumbo do barco. Nel distinguíase perfectamente como a agulla marcaba milimetricamente cara a "N".

-Que estraño... -murmurou Duarte case sen separar os beizos-.

-Si, demasiado estraño. -respondeu Xosé mentres se afastaba rumbo aos camarotes.- Vou tentar recuperar o sono. Boas noites mocoso, encantado de coñecerte.

-Adeus. -dixo o mozo a media voz, aínda cavilando e removendo o seu maxín coas palabras de Xosé.-

Logo de rematar a súa xornada, Duarte durmiu escasas horas e espertou axiña. Dirixiuse cara á cociña onde o cociñeiro preparou algo para acabar co ruxido das tripas do rapaz. Sentouse a carón do home que, cun enorme coitelo, pelaba patacas con gran destreza. A cea de cada noite.

-Matías... -que así se chamaba o citado home.- Que sabes do tal Xosé?

-Quen carallo é Xosé? -respondeu Matías, coa fronte engurrada pola estrañeza.-

-Xa sabes... O vello do ollo chosco...

-Aquí non hai ningún Xosé, e ninguén está chosco dun ollo. Creo que te confundes amigo...

Duarte non daba creto. Con quen pasara esa noite? Con quen falara? Preguntou ao resto da tripulación e ningún dos homes soubo contestarlle. Ninguén coñecía a aquel home. Ninguén sabía quen era Xosé.

Pasaron as noites, e Xosé non volveu aparecer. Era como se caese pola borda. Para Duarte ese suceso era imposible. A primeira noite, durante a cea, Xosé estaba alí, ao carón do resto

da tripulación. Como era posible que ninguén soubera del? Que ninguén o coñecese ou recordase? A paranoia do rapaz foi en aumento. Acaso se trataba dunha conspiración contra el? Pode que os mariñeiros, ao descubriren que Xosé lle revelara o que sabía sobre o rumbo do barco, o matasen e se desfixesen do corpo para que así non descubrise máis. Duarte non era quen de fiarse dos demais. Cada vez máis mirrado vagaba pola cuberta noite tras noite esperando unha nova visita. A tripulación bisbaba ás súas costas e Duarte estaba cada vez máis seguro de que o matarían como fixeran con Xosé. Non comía, non durmía, non falaba. Só pasaba as noites na cuberta, desgarrando os miolos na procura de respostas. Non deixaba de cavilar... Acaso estarei tolo? Como non, a tripulación era o que pensaba, e Duarte sabíao.

Pasaban as semanas e o mozo seguía a cumprir coa súa encomenda coma o primeiro día, aínda que iso xa non lle importaba a ninguén.

Unha noite de mar calmo e iluminado por unha lúa grande e maxestosa, case chea, Duarte encontrábase sobre unha caixa, fumando un pito e mergullado nos seus pensamentos, como viña facendo desde había semanas e semanas atrás. Oíu un son que proviña do mar, unha batuxada na auga. Sorprendido, mirou ao seu arredor, sen ver sequera unha ondiña no mar. “De onde provén ese ruído?” -cavilou para si.

Mirou a babor e non viu nada; mirou a estribor e achegouse cautelosamente cara á borda... E o que alí viu fixo que o seu sangue deixase de correr polas veas.

A poucos metros de distancia, no mar, estaba mergullado un home. Duarte afinou a vista e, fixándose, viu como unha cara sorrinte saía á superficie. Era Xosé!

O tremendo berro que saíu da gorxa do mozo espertou a todos os seus compañeiros que, ao chegar á cuberta descubriron, non sen grande asombro, que alí non había ninguén. Duarte desaparecera. Deron, así, por feito, que o rapaz toleara e iso o conducira a tirarse pola borda do barco, mergullándose na inmensidade do océano.

Ao ano seguinte o capitán, xunto coa tripulación, acudiron de novo ás terras da Costa da Morte co fin de entregarlle á malpocadiña nai as pertenzas do rapaz. O capitán camiñaba polo peirao cara a vila e atopouse cun rapaz aínda imberbe.

-Bos días rapaz! -saudou o capitán.- Poderías dicirme onde podo atopar a nai dun mozo chamado Duarte, que marchou embarcado hai un ano? Isto é para ela.

-Eu mesmo lle entregarei o recado, señor. Era amigo de Duarte. -afirmou o neno.-

-Moitas grazas rapaz. A verdade é que teño algo de présa. -dixo o capitán mentres entregaba a ese mociño as pertenzas do finado.- Por certo, gustaríache vir a Cuba? Probar fortuna? Fainos falta un rapaz que se encargue da cuberta...

-Capitán! -berrou un vello desde a cuberta.- Temos que marchar! -o home sorriu cara ao capitán e chiscou o seu ollo de vidro.

-Xa vou Xosé...! -dixo o capitán mirando cara ao barco. E dirixíndose de novo ao neno, rematou apertando a súa miúda man - Rapaciño... pénsao ben. Volveremos dentro dun mes.

E así, volvendo cara o peirao, o capitán subiu ao barco onde o esperaba a tripulación disposta para unha nova travesía, unha nova viaxe a ningures.

UN CESTO CHIC

Mario Caneiro Ameneiros (Miña comadre)



1º premio de narrativa da 3ª categoría

A Marta, miña comadre

A nena, que nas abondosas tardes de inverno contaba caixas de zapatos na tenda dos seus pais, soubo anos máis tarde o que sentira aquel día, no que contara o que ningún neno debera contar.

Pegada ao escaparate da zapatería para escapar do sol, acariñaba distraída a enorme asa do cesto no que a nai lle metera a merenda, a toalla e un bañador de recambio; mentres o pai rosmón rosmaba. Estaba alí, na porta do comercio, sentada. Vendo pasar coches que non miraba. Recordando a Pilucha que lle regala o cesto *chic* co que se presentara a tarde anterior pola zapatería, con ese xeito tan de Pilucha, facéndoche entender que eras ti quen lle estabas a facer un favor.

Aparecía sempre como o preludio do verán, recén chegada de Madrid no seu dous cabalos amarelo. Era unha promesa de novas, que debullaría á súa amiga da infancia noutras esperadas visitas que irían caendo tras daquela aparición inaugural. Cada vez que a vía traspasar a porta, a nosa nena sabía que non serían tardes para contar caixas de cartón, pois Pilucha ilustraríaas co que se ía levar, co que se estaba levando na capital, das leas de saias na corte. Contáballelo como se viñese de mercar o pan diario na tafona da esquina. A nena escóitaa cos ollos abertos e non deixa admirala nin nas venteadas ausencias do inverno ártabro. Recórdaa a cada paso; quero té aromático como o de Pilucha, as torradas con aceite e unha miga de tomiño como Pilucha, mercádeme unha pashmina como a de Pilucha, Pilucha era un eco que acababa coa paciencia do pai rosmón que rosma- "É unha frívola".

É divertida -retrucaba invariablemente a nai- e ademais un chisco de frivolidade non lle fai mal a ninguén.- Frase que deixaba ao pai rosmando algo xa inintelixible incluso para el.

Aínda non empezara a contar coches, que rara vez eran amarelos, cando volveu a acordarse de Pilucha rindo despois que ela lle dixera o precioso que parecía o seu cesto con aquela flor enorme e rechamante.

-Non é precioso, é divino. –respondéralle antes de baleirar o bolso e colgalo no ombro da cativa que non podía crer o que estaba a oír. – Pois para ti *chiquilla*- Só ela lle chamaba *chiquilla.*

Divino era divino…. ensimesmábase a nena percorrendo a silueta da flor colorista daquel bolso que agora era seu por obra e graza da frívola xenerosidade de Pilucha.

Un dous cabalos que non era amarelo freou case diante dela metendo un ruído que a regresou súbita ao presente para observar, unha vez que o auto se puxo en marcha, que a liña de sombra xa avanzará ata a metade do carril máis próximo. Ollou todo ao longo da estrada e no fondal creu adiviñar que no reloxo da torre estaban a piques de repicar as cinco.

Deu, agora si, en contar coches. Despistouse mais aló do numero trinta pois comezaba a entrarlle a fame**,** pero non podía comer ou poñeríase a cero o cronómetro da prohibición do baño, esas eternas dúas horas da dixestión. Mirou dentro do escaparate e viu á súa nai entre dous pares de tenis brancos. Esta fíxolle un aceno coa cara e non soubo se lle pedía paciencia ou lle estaba a dicir: -Pero aínda estas aí!

A sombra do edificio xa refrescaba a mediana da estrada e os coches máis escasos parecese que fosen durmir unha sesta á espera de que a calor se volvese máis humana tamén para eles. Contar coches volvérase unha tarefa ben aburrida que non axudaba a esquecer un estómago cada vez máis rosmón, case como o seu pai cando onte entornara os ollos nun mudo "vaia por deus" cando Pilucha empezara a explicar que pensaba ir mañá a praia á Vilarrube e despois tomaría uns berberechos nun deses toldos tan rústicos. Só ela dicía rústicos para falar dos toldos feitos á carón do areal e ás présas, con taboleiros e unha uralita, para a aproveitar a sede dos bañistas, onde ela tan *chic* sería, pensaba ela sen dicilo, unha nota de cor e distinción. A nena non entornou os ollos senón que os abriu canto daban chegando a unha parálise extática que non pasou desapercibida para ninguén. O pai pousoulle a

man na cabeza e aloumiñouna con un “xa iremos o domingo”. Entón Pilucha volveu a ser estupenda e exclamou- Maña véñote buscar *chiquilla* e así podes estrear o cesto.

Pasaron Paula e mais Laura que pararon onda ela convidándoa a acompañalas á praza para xogar. Marcharon encollendo os ombros cando sen deixar de aprenderse de memoria a flor de vivas cores que adornaba o seu cesto lles dixo que non, que grazas, que ía ir á praia.

Volveu sentir a man acariñadora do pai rosmón que noutro aloumiño convidouna agarimoso a abandonar a beirarrúa- Xa vai ser un pouco tarde para que veña.- Así parecía confirmalo a sombra que cubría xa a estrada toda- seguro que tivo algún problema e non puido ir á praia.- Quixo crer o pai o que estaba a dicir aquela tarde na que a súa filla contou o que nunca debe contar un neno, segundos. A nena meteuse na tenda cun bolso que se volvera pesado, tanto como aquela nova sensación que lle rabuñaba o peito baixándolle á barriga cando miraba a flor que parecía estar agrisallándose en cada paso que a afastaba da estrada onde os coches nunca eran amarelos.

SINESTESIA

Luz Cures Vázquez (Borderline)



2º premio de narrativa da 3ª categoría

Vou morrer. É un feito. Xa sei que a todos nos vai chegar a hora, pero o meu é para xa. É así. E seino desde que a miña percepción sensorial cambiou. Por iso estou segura de que xa é un feito que non vou poder cambiar.

Cando subín ao bus e fun para sacar a tarxeta da carteira deime de conta de que a miña vida acababa de quebrar a monotonía do cotián dos últimos anos. Abrín a cremalleira sentíndoa rozar contra as xemas dos dedos, saquei a tarxeta amodo, arrimeina ao aparello notando ata o aire nos pelos dos brazos, case me doía sentir os ósos espreguizándose logo da noite, as articulacións estirándose, a pel acomodándose á forma da man entreaberta... Percibín o pitido da máquina coma se fose a primeira vez e cravei a vista no condutor, case aterrorizada, mentres el me sorría e me daba os bos días. Quizais coma sempre, pero en realidade coma nunca, porque era a primeira vez que eu interiorizaba os seus ollos azuis, atravesaba a súa mirada cansa e experimentada, asimilaba a súa voz rouca e ulía o seu alento de café acabado de tomar.

Eu debía de ter a cara desencaixada e el debuxou un xesto de noxo súpeto na cara.

Antes de emparanoiarme, algo típico de xente con hipocondría diagnosticada, quixen darme unha marxe, pero era inútil, a percepción por todos os sentidos parecía que se multiplicara por mil. Non sei se *hiperreceptiva* sería a palabra, pero podería achegarse ao que comecei a sentir. E levo así uns días. E xa case me afixen.

Aos dous feitos. Ao de verme invadida coma alguén que calquera pode moldear ao seu antollo, e ao de que me queda pouco nesta vida. E con todo, atópome nun impás do que me custa saír.

En canto baixei do bus e puxen os pés na beirarrúa, comecei a sentir o peso das pedras turrándome polas pernas. Custábame cada movemento coma se as botas acumulasen o barro de todos os seus invernos de vida. Chovía e cada unha das pingotas que me caía case me mancaba. A cabeza aturrullábaseme e cruzábase

o frío, a calor, as cores, os sabores, os cheiros, e os calafríos… sempre os calafríos, coma cando che sopran na caluga sen contar con iso.

Non sei canto tempo botei estatuada, pero debeu ser abondo, porque os rapaces que entraban no instituto a esa hora esquivábanme, arrombábanme, pisábanme coa présa e sen querer, elevando a gravidade da miña inestabilidade ata o infinito coa súa falta de prudencia. E logo calma. E despois máis xente. E movemento continuo.

Cando sentín unha fame profunda, considerei que tiña que coller as rédeas do que estaba pasando. A decisión de non presentarme no traballo xa a tomara o meu corpo por min. Só imaxinar os teléfonos soando, os compañeiros abafándome, os seus risos, a cadencia desacompasada das súas voces, o cheiro dos seus xampús, dos seus corpos, a luz da pantalla, a información saturándome… Non podería soportalo.

Avancei ata a alameda e sentei nun dos bancos de pedra. Antes de continuar tiña que me facer cargo da situación. Eu non quería morrer tan axiña. Parecíame precipitado. Pero se era o que había, nada podía facer. Escapaba ao meu control.

Pasei a tarde na alameda, observando como a xente ía e viña. Deixara de chover, pero todo estaba húmido. Algunha xente mirábame, dábame de conta, pero non me atopaba con forzas como para cambiar de localización, inda sabendo que a policía local xa me observara con total falta de pudor nunhas cantas ocasións. Pero transcorreume a tarde paralizada coa vertixe do paso do tempo, precipitándome cara ao baleiro de non saber exactamente o que deparará o mañá, o pasado, e o outro, e o seguinte.

Xa escurecendo, volvín á rúa da Rosa para coller o bus de volta. Tiña o frío metido no corpo, doíame ata a última uña da última deda do pé máis esquerdo.

Pensei que quizais non estaba nas portas da morte, senón da tolemia. A miña familia, tanto paterna coma materna, provén dun-

ha longa estirpe de suicidas e mortos en estrañas circunstancias. É algo que sempre me dixeron que se herdaba. Algúns parentes xustificábano cos aires lurpios e co clima adverso. Outros coas circunstancias particulares de endogamia histórica e consanguinidade da zona, que provoca carácter depresivo e ensimesmado. Pero os meus pais nunca me enganaron nin me adozaron o tema. Sempre souben que nacera con esa impronta case maldita. Coma quen herda un nariz grande, un ton de voz grave ou unha maneira de ser aberta. Eu atesouraba unha historia familiar controvertida e un álbum cheo de mortes prematuras…

Quizais iso influíse decididamente en que a miña axenda apenas ocupe nada e me custe establecer lazos. Nunca intimei máis alá de relacións esporádicas e pouco esixentes.

Por esa razón só estaba agardando polo meu *clic*, o resorte que disparase as alarmas que me anunciarían a chegada do meu momento vital de tolemia ou enfermidade terminal. O *clic* do peso da miña propia historia esmagándome sen opcións nin miramentos.

O bus tardou un mundo en chegar e eu sentíame aterecida de frío, sono e fame, así que ao sentar invadiume unha agradable sensación de acougo, coma un retorno ao colo da nai coa cabeza apoiada contra o seu peito morno. Algo que pensei nin lembrar e que me provocou moita gana de chorar por primeira vez en anos.

En fronte de min sentou unha parella. Terían máis ou menos a miña idade e parecíanse moito entre eles, así que cheguei á conclusión de que eran irmáns. Ían vestidos case a xogo, con roupa colorida, gorros de la, e botas de montaña. Eran moi guapos e eu debíaos estar mirando moi fixamente, porque cando me decatei, parecían molestos comigo. Cando comezaron a bicarse caín en que probablemente non serían da familia. Ao comezo eran bicos pequenos, case tímidos, pero enseguida comezaron a comer a boca un do outro coma se estivesen en total intimidade. Facían tanto ruído que a xente comezou a miralos con descaro. Eu recordei aquela reportaxe fotográfica dos cans que se parecían cos

seus donos. A semellanza nalgúns casos era impresionante. Aos donos só lles faltaba ladrar.

Dándome as costas ían dúas señoras coas que coincido habitualmente. Son dúas mulleres duns cincuenta anos, que limpan casas en Compostela. As dúas van falando sempre dos seus *xefes*, ás veces con máis discreción e ás veces con total sarcasmo e indignación. Unha comentáballe á outra que lle atopara un traballo para a sobriña e que lle dixera que non. Mostrábase anoxada pola falta de iniciativa da sobriña, pero o seu ton denotaba certa envexa por ese arrouto de dicir que non a un traballo que en realidade era unha merda. Interna nunha casa, limpando, cociñando, criando fillos alleos e coidando unha señora maior a piques de encamar. Todo por 700 euros, con seguro, ou 850 sen seguro. Os *xefes* unha médica e un empresario, con pouco tempo para atender os seus e pouco corazón para valorar e compensar a quen o faga por eles.

O cheiro que desprendían a lixivia, limpadores e a suor dos seus corpos facía que tivese que tapar o nariz de cando en cando. Convertérame nunha especie de Jean Baptiste, só confiaba en non acabar coma el. Por agora, o de poñer a manga da roupa e aspirar consolábame un pouco.

Na última parada entrou ela, a moza que sobe enganchada ao móbil sempre comentando o que pasou na oficina ao longo do día, cun interlocutor que supoño que será un bo amigo. Cando lle explica as xogadas, movementos, cambadelas e historias dos compañeiros de traballo aponlles un aquel de discreción ante o resto do bus designándoos por medio dos alcumes que lles deberon adxudicar: está o *pequeno ditador*, a *pequena cadela*, o *pequeno fillodeputa*, a *pequena buscona*…

Ás veces ríome por dentro coas súas historias, sobre todo coas do *pequeno ditador*, que, polo que conta, debe ser bastante cazurro, rancio e ignorante. Pero ás veces tamén a atendo intentando dilucidar cal será a súa calidade moral, que clase de xuíza é. Os homes sempre son bautizados como *ditadores*, *mandadiños*, *fi-*

llosdeputa, *espelidos*, e en cambio, as compañeiras sempre son *lerchas*, *busconas*, *cadelas*… Pregúntome se os bautizaría ela ou se emprega as denominacións que quizais xa estaban antes de ela chegar, pero oíla usándoas con tanta soltura por momentos fai que me caia antipática. Moitas veces pensei en pescudar o seu enderezo no directorio da empresa, que foi fácil de deducir, e mandarlle unha suxestión anónima para que corrixa eses defectos para unha mellor calidade e verosimilitude das historias. Pero ao final sempre o deixo correr. A narradora perdería o seu aquel de frescura e improvisación sabéndose protagonista.

Ao meu carón sentou de novo o señor ecuatoriano que leva no móbil fotos e que as vai repasando todo o tempo. Dáme moita tristura velo. Ás veces leva os ollos encharcados en bagullas. Nunca tiven valor para lle dicir nada, pero hoxe dóeme especialmente percibilo de esguello, por iso boto a vista cara a fóra todo o tempo.

Xa na casa púxenme a experimentar. Un baño morno e longo, un zume de froitas, a miña música soando alto. Redescubría todo: os sons, as imaxes, os sabores, os olores, o tacto, os recordos… E todo se mesturaba nos sentidos coma nun remexido infinito.

Non tiña familia da que me despedir. Nin tampouco moitos amigos. Nin grandes responsabilidades laborais. Só me tiña a min e a esta nova maneira de ter que me adaptar ao medio. Só iso. Botei uns días deixándome levar, sen facer nada. Picándome con agullas para saber como respondía á dor neste novo estado. A dor era o que máis medo me daba. Revisei vídeos, fotografías, cartas... Abrín e pechei a ventá para quecer e arrefriar; arrefriar e quecer. Trataba de asumir un novo estado, un novo sistema.

Pensei que había meses que non tiña ningún encontro sexual. Non era que non me gustase o sexo, moito ao contrario, era algo co que gozaba realmente, pero sempre me coutaba a idea de que do puramente sexual nacese algo afectivo. Por iso non deixaba que ninguén quedase a pasar a noite na casa. Non había apenas apertas nin aloumiños. Só en moi poucas ocasións. Só física e a

química xusta. Reducíase a iso. Por ese motivo pensei que quizais debería probar o sexo con esa hipersensibilidade, e sabendo que quizais non habería moitas oportunidades máis. Así que entrei nun foro e acabei por acordar unha cita case a cegas. O rapaz non era nada do outro mundo, pero víase que era un amante experimentado. As sensacións de pracer inundábanme da cabeza aos pés e dos pés á cabeza sen me dar tregua. A súa autoestima quizais medrou rozando límites que xamais debeu soñar, e o meu corpo entrou nunha éxtase que tampouco coñecía. Nin lembro a cantidade de veces que tiven un orgasmo, pero todo valía: os seus dedos rozándome, o cabelo percorréndome as costas, un lene susurro no pescozo... Pasamos a noite coma nun combate, asalto tras asalto e só deixándonos espazo de cando en cando para durmiñar, hidratarnos ou simplemente respirar un aire que non estivese cargado dos nosos cheiros corporais. Ás veces sentía que me mareaba.

Logo de que se foi, durmín case dous días enteiros, sen soños, sen sobresaltos. Só durmir, abrir os ollos, virarme e volver adormecer, coma se levase unha longa vida sen facelo.

Contra o martes, prendín o ordenador. Había algunha mensaxe do meu xefe na caixa do correo, nas do comezo amosábase preocupado, nas últimas anoxado e desafiante. Piquei no buscador a palabra *hipersensibilidade* e deixeime levar por centos de páxinas, unha atrás da outra, enlazando ligazón tras ligazón, artigos, foros, blogues, fondos bibliográficos... O mundo estaba cheo de casos de xente que vivía para contalo. Apaguei o ordenador, erguinme e decidín que non, que non estou lista para morrer, que terei que saír á rúa e enfrontar a vida así. E que aínda que soe o *clic*, non quero parar para escoitalo. Aínda non.

FETICHISMO

Rocío Leira Castro (Silgar)



3º premio de narrativa da 3ª categoría

A Coruña, oito da mañá do mes de abril. Vestido de Alessandra Rich e zapatos de Marni. Bolso de Gloria Ortiz.

Obsérvote dende a ventá. Afástaste coa galantería dos teus movementos (luxurias enrestradas en collage)

Sabes que a miña admiración non ten data de caducidade, porque se alimenta de palabras cosidas na memoria.

A Coruña, doce da mañá. Saia de Dolce &Gabanna, brazalete de Cavalli, sombreiro de Heidi Lee.

Baixas do taxi co teu estilo de diva, mentres eu cravo os meus ollos no teu corpo (o meu fuxidío antollo).

Os teus movementos de cadeira, como a paleta do pintor máis habelencioso, riscan sucos na miña alma. Os teus ollos son un laúde de lume para as lembranzas.

A Coruña, catro da tarde. Vestido de encaixe de Jason Wu, bailarinas de Pretty Ballerinas, cinto de Chloé.

De novo tras a ventá observo a túa saída. Repito así, función e imposibles. Eu, de repente convertido en imberbe adolescente anicado a carón do recordo da túa sombra…

Engalano a túa ausencia coas bandas sonoras das imaxes que nacen dos meus soños, mentres a miña espera é anegada polo big-bang das emocións que me empreñan.

Sete da tarde. Vestido de Blumarine, sandalias de Erdem, pano de Louis Vuitton.

As verbas do teu corpo, materialízanse de novo tras a ventá como un orgasmo do vento nos cristais. A túa mirada altiva e desafiante bate contra min, conducíndome por regueiros de admiración. Ti, a miña musa entre bambolinas, eu o teu Penélope paciente que sempre agarda.

Nove da noite. Camisa e culottte de Rochas. Zapatos con strass de Zara.

Obsérvote a través da parede dende hai semanas. É fermoso contemplarte a través dos escasos dous milímetros do burato da parede, e verte alí, investida no recendo das caligrafías máis mornas…

Porque as emocións non son un espello no camiño, senón o camiño para crebar o espello.

Doce da noite. Vestido de encaixe de Aurelia Gil. Cinto de pel de Moschino. Sandalias de Jimmy Choo.

O esvaradío aroma do teu perfume abandona o piso escribindo nun territorio que é como as augas dun río en tropel…

Anoto no ordenador o que ti me inspiras, e sinto que o teu espurio ollar traspasa a mecanografía de cada liña. O teu corpo é un papaventos agardando que o meu vento o zugue. Os teus ollos son regueiros de pólvora ciscados sobre a miña alma.

Tres da mañá. Saia trapecio de Michael Kors. Zapatos bicolor de Dior. Camisa de Carolina Herrera.

Regresas cansa. A través do burato observo o teu corpo espido.

Mentres te enfundas no Guêpière de raso de Intimissimi, sinto as espiñas do desexo brotando pinga a pinga nos meus adentros.

Lánzasme unha mirada a través da parede, e o meu peito treme. É como o boquexar de peixes retorcéndose fóra da auga.

Íspeste de novo. Tan só te engalanas cuns *stiletto* de Úrsula Corberó que me cortan o respiro. Sinto que estás actuando para min.

Abres a porta do piso e agardas. Non resisto a invitación.



Poesía

AS AMIGAS

María López Gabián (María)



1º premio de poesía da 1ª categoría

Florinda , a formiga,
por certo, é miña amiga.
Vivía nun formigueiro
debaixo dun amieiro.
Tiña por veciña,
á colorada xoaniña.
Á praia foron un día,
comer unha sandía.
Atoparon unha caracola
que bebía Coca-Cola.
E sentadas cara á brisa
botaron unha risa.
Niso chegou a tartaruga
e díxolles: ”Chámome Huga”.
“Queredes vir xogar
comigo no fondo do mar?”
“¡Non, non, non pode ser,
no fondo do mar podemos morrer!”
“¡Pois imos nadar,
na beira do mar sen nos mollar!”
Despois de nadar no mediodía,
foron xantar a rica sandía.
Bailando vén a bolboreta,
cos beizos pintados, toda coqueta.
¡¡Xa estaban as cinco amigas,
tan faladeiras e divertidas!!

DEREITO A SOÑAR

Irene Rico Gómez (Yarina)



2º premio de poesía da 1ª categoría

Moita xente dirá que non es perfecta,
que tes problemas por solucionar,
ideas que debes olvidar,
máis porque se esmeran eles en quererte axudar?

Son simples homes e mulleres,
que viven un soño que eles mesmos crearon,
ilusións que conforman un camiño imaxinario
que ninguén se esmerou en crear, foron eles os que o formaron.

Soños diluídos nunha copa de alcohol,
cargados de drogas que fan esquecer quen son,
quizais sexa eu a que debe cambiar,
volver a ser a que fun.

Converterme nunha princesa azul,
ser a encargada de repartir a miña propia ilusión,
converter as miñas ideas nos soños de miles,
abraiar a aqueles que fuxiron da miña emoción.

Quizais sexa hora de tirar esta copa,
símbolo do pasado,
conformar o meu camiño con algodón,
e continuar a miña viaxe ao voso lado.

Cantar todos os días o amencer,
esperando a chegada daqueles que marcharon,
deses que non me apoiaron,
que me converteron en alguén frustrada no pasado.

Moitos facíano polo meu ben,
outros porque querían apropiarse dos meus soños,
e os últimos por medo a caer nun pozo de ficción,
creado por unha tola acostumada a perder.

Non se decataron do fío da vida,
esa corda realidade que unía o ficticio e o real,
ese fío que me transportaba a mundos diferentes,
nos que percibía os encantos da paz e o horror da maldade.

Foron esas viaxes as que crearon o meu ser,
as que conformaron a miña personalidade,
as encargadas de perder as persoas que quería
e de coñecer outras que comprenderon a miña naturalidade.

Levo perdendo e gañando toda a miña vida,
intentando controlar os impulsos de loucura,
e seguindo o circuíto que me conduce a miña meta,
pois a caso non é certo que a vida sempre perdura?

A FADA, O REISEÑOR E UNHA CANCIÓN DE AMOR

Iria Freire Agra (R.R. RUS)



3º premio de poesía da 1ª categoría

Miro pola fiestra
vexo unha fada,
está enfeitizada.

Está enfeitizada
polo meigo son
do meu corazón.

O meu corazón
é unha canción
que se encheu de amor.

Encheuse de amor
ao escoitar o canto
daquel reiseñor.

O reiseñor e a fada
páranse a escoitar
o meu corazón latexar.

Latexar de amor
porque á miña ventá
achegouse un reiseñor.

Fada e reiseñor
enfeitizados os dous
coa miña canción de amor.

NIHIL

Claudia Cives Caamaño (Natureza agreste)



1º premio de poesía da 2ª categoría

Cando xa non queda nada.

a materia gris
escorrega dos tellados
e arrinca de raíz tódolos indicios
que puido haber de felicidade.

Cando a cor laranxa, xa non significa nada.

Nin o azul do ceo
nos lembre todo o osíxeno
que cabe nun pulmón aberto.

E as árbores non teñan cor
nin esperanza algunha.

Cando chuvia, non sexa sinónimo de transparencia.

E teña que vagar con toda esta
materia escura que
me oprime nos cadrís.

Que fai, que o meu corazón
desorbite (unha vez máis)

Cando ti sexas gris

Eu,
Xa non son
E xamais serei
Nada.

IMAXES

Marcela Porto Mato (Frío)



2º premio de poesía da 2ª categoría

Agardaría ser unha estrela
E comerte a ti, enteiro, como un planeta máis en órbita

Máis non houbo impedimentos na saída
O reprodutor musical non esquecía que ías só

Percorrín todos os medios
De transporte posibles
Con tal de escoitarte respirar.

Non hai nada peor que a inquedanza
O asolagamento perpetuo da túa esencia

A lúa parece que se ri ante a nosa estampa
Parece e semella máis ben, cómplice

Só existiu un día no que nos complicaramos a vida
E o mesmo xeito, a fixemos ser o que merecía ser.

Pínchaseme a alma ata o punto de deixar de sentila

Ata o punto de esquecerme do sentido do auténtico

Non atopabas a esperanza.
Atópaa e míraa ben, porque é o noso próximo obxectivo.

O contador de latexos
A presión intercefálica

Estou derreada
O meu cranio afúndese contra o pescozo
E así, en cadea
Acabo caendo ao chan

Xamais volvas marchar

Desfacía por momentos todo o que vivía
Camuflábame entre o prateado dos chopos que medraban

Hai alguén escoitando todas as historias que conto?
Es forte, moi forte

Non podo deixar de agatuñar os recordos
A túa voz, penétrame segundo tras segundo
Pensándote en cada hora sen terte

Escapábaseche da mente
Rebulindo por entre os bisturís
Facéndolle cóxegas o contador dos teus latexos

Non só se che escaparon eses suspiros
Senón que mantiveron o ambiente,
O músculo activo
E sen presión ningunha

Teño calafríos constantemente
A túa ausencia colúmpiase na falta de sono que teñen os meus ollos

Crocodilo de ollos inmenso amarelo
que habitan en cada placa tectónica do teu corpo,
que se desliza entre as costas do tempo

Pínganche do lacrimal un cento de estrelas
partículas que agariman o tempo

Tempo que non temos
Tempo que esvaece

frío

CÁRCERE DOS PESADELOS

Ana Souto Villanustre (Vagalume)



3º premio de poesía da 2ª categoría

Sentirse mutilada,
coma se un ser maligno
acabara de roubarlle o tesouro
más valioso e prezado.

As garras dese monstro
son coitelos de xeo
que se cravan na pel,
inxectando nas veas
o seu potente veleno.

É como unha pantasma
gustosa das visitas nocturnas,
capaz de tinxir de escuridade
os soños máis alegres e fermosos.

Ese ser apodérase incluso da súa liberdade,
da liberdade de poder soñar
en cousas bonitas
que lle fagan esquecer a negra realidade.

Esa man de ferro deixa pegadas
no seu corpo,
como se quixera marcar
o seu territorio,
converténdose en amo e señor.

A felicidade é memoria do pasado,
estampa do álbum dos recordos.
O gris deu paso a un profundo negro,
a un abismo sen fin,
un túnel sen luz.

A dor é coma un labirinto,
un lugar no que resulta
doado entrar
pero do que non pode fuxir.
A dor é unha constante
na casa dos pesadelos.

O TEU NOME É ÉUFRATES

Alba Cid Fernández (Os escaravellos de Shanks)



1º premio de poesía da 3ª categoría

ILHAN BERK RELATA O SOÑO DA TORRE DE GÁLATA

"Son unha torre de Istambul. Prendín lume a Istambul unha mañá. Queimei a primeira rúa, onde vivía ela. Aínda recordo un neno e unha muller medio espida e unha noite; aínda persisten na miña memoria. Queimei os paxaros e as árbores; chegaramos a crer que os paxaros e as árbores eran incombustíbeis, verdade? Pero, aínda así, queimeinos. Vin a súa boca que non abandonaría polo mundo enteiro. A súa boca seguía recordándome ríos, tendas, soles, trens, bazares. Toda a noite os seus brazos prenderon lume aos ardentes ríos coma se non estivésemos no mundo toda a noite."

Ilhan Berk

1.

Así clausuramos a adolescencia: coa fisura do arpón no peito
e este azul ofrecemento de escamas.
[Axustas a cazadora, eu tallo o sílex do teu xesto e acendo as xemas dos dedos, que son candeas, para iluminar con elas por riba da roupa
as pontes sobre o Drina que levas nos costados.
Mírasme furtivamente, e
comparamos a nobreza das nosas feridas
para non confesar a devastación presente.

Así clausuramos a adolescencia: citándonos.
—O teu nome é cuarzo, campos que xemen
nos cementos da cidade, cánabo
e luces, a fatiga dos soldados que tropezan nas raíces.
O teu nome é unha estepa que pertence ao inimigo,
e o paso tépedo dos animais que veñen morrer no noso encontro.—

Pero ante todo,
—O teu nome é Éufrates, enténdeme,
é a túa saliva a que mantén a dicción
agora que non é críbel o canto—.

2.

É que as primeiras noites só son iso: unha gran respiración.
Os músculos na súa incandescencia, levar terra á boca e persignármonos. Ensaiar o mirar de Beatrice. Ver que os brazos alleos son placenta, ou que o pasado se pecha nas balvas dos moluscos sen esperanza de perlas.
En calquera praia da infancia.

Minto. As primeiras noites son tamén a disidencia, o desxeo,
a linguaxe doutras mans cando lían cigarros,
o mozo que só coñece Carnaby Street polos versos de Panero.

Na segunda noite descubrín as rapazas
e empatamos as trenzas no mirador de São Jorge.
Dicímonos que non importarán os ventos, planaremos en uve como as garzas.
Non recordo se choramos.

As nosas palabras voaban, microscópicas. As nosas palabras.
O opio liberado da papoula.

3.

Na luz réptil de outubro, nas turbinas
dos corpos que anteriormente amamos. No rapto,
na suspensión ocre da avelaíña
cuxo voo acolles na bóveda da boca, encontrámonos.

Ves? Ningún insecto nos sobrevive.

Que enfermos, que beleza mendicante
gravamos na laca dos coches que dormen fóra.
É a noite un territorio sioux, agora que matamos á mensaxeira.

4.

E quererasme tras o incendio porque eu fun
la jeune fille qui pleure son oiseau mort,
a curiosidade que aboia sobre as pontes, a cinza que proclamaba Valente.

A incisión natural na folla do nenúfar.

5.

O poeta turco incendia Istambul ou a inocencia, mentres eu persevero nos silencios.
—Pero o teu nome é Éufrates, meu ben
ao mellor aínda cres que somos xuncos—.

E os teus ollos son as cinzas do leste,
que non debuxan signos nin fertilizan terras.

"Os teus ollos
que me contan de fértiles inundacións cíclicas" (Aníbal Núñez)

O ANXO BREVE

Luis Rodríguez Rivera (Anacronos)



2º premio de poesía da 3ª categoría

Baixo o sangue endurecido

o corazón

atravesado pola luz

ferido de certeza

morto de lucidez

Autopsia.

Vento sur
ferida de prata na túa pel invicta
aire
pegadas de anxos recentemente borradas
refugallos
dunha dor amansada no centro
do nervio

O teu corpo
espido sobre o meu alento
a miña alma
desbocada foxe ao primeiro sangue

Ren-dicción.

Os teus peitos eran aínda
dúas sementes na boca do barro
e o teu nome un escuro pozo
ao que arroxaba o meu corazón
para medir a profundidade do amor que debía construírche.

Pre-amada

Tiña o teu corpo
o sabor do tempo vencido

Envellecía
tan só con desexarche

Lolita.

Sen min
o tempo endurécese no sangue
e a morte pasa de longo
buscándome
lonxe do meu corpo sen vida

Post-morten.

O aire encheuse de cristais
e a morte enredouse
entre as túas coxas

Orgasmo.

A boca do Anxo era un pozo ermo
cego ao ceo e a terra
unha ferida que non sangra
da que non mana máis que un silencio seco
un silencio áspero
un silencio longo coma un fío de po que afoga o aire
e clausura a risa.

A-Deus

O que lle sobraba de Deus
faltáballe de home

Epitafio.

FRAGMENTOS PARA C.

Ismael Ramos Castelo (Ron)



3º premio de poesía da 3ª categoría

…como el conejo que entra en la jaula del león sabiendo que va a ser devorado y cuando recibe el primer mordisco no gime, no aúlla, no hace el más mínimo sonido pero no puede evitar encogerse y culebrear de un lado a otro. Lo espantoso del conejo no es que se haya dejado comer, es su silencio, la sonrisa en su boca pálida, sus gestos de tórtola, la ausencia casi absoluta de la ofensa y, más aún, la conciencia real de que hacer todas esas cosas imposibilita ya para siempre volver a ser amado por el león.

Andrés Barba.

Y en tu rostro hay una belleza esteparia pero nos das miedo; en tu zancada hay un lindo ejemplar pero con jirones y dentadura.

Julieta Valero.

como unha meseta. *tabulla rasa*.

os meus dedos debuxando as delineacións da vía dun tren sobre o teu esterno.

Anna Karenina examina a superficie e decide que a lonxevidade é absurda. que está sobreestimada.

como o abrupto dos relevos. pero faino con educación.

a min educáronme para non ter medo do vento.

os rapaces saían voando e despois aparecían lonxe. e ninguén sabía nada.

aprendín que o vento dana máis sobre as paisaxes planas.

o compoñente da traxedia tendido sobre a mesa. apenas o rocei cos dedos.

como o teu esterno.

é tan branco o corpo de Anna Karenina.

tiña que ter aprendido algo.

Sylvia Plath comeza as cartas á súa nai contándolle que está borracha. que lle escribe borracha. eu escribo borracho e bailo. e escribo. escribo sobre o bonitas que son de noite as luces. e corro detrás de ti. e escribo: Sylvia Plath estaba borracha. houbo moitos homes antes de Ted. houbo moitos homes. escribo sobre ti. se estou borracho escribo sen faltas. Sylvia era perfecta. eu tamén. borracho son perfecto. ti tamén. non sei como nos trata o día. os estragos que a luz natural fai sobre nós. de noite somos perfectos. e todas as luces. só de noite. a culpa é do alcol. a culpa é de Sylvia.

ça ne sera rien. nin antes nin despois. nada.

sabes a cara de asombro dos nenos cando finxen que lles disparan? pois así.
tiñas razón. non foi nada. non sirve de nada.
non sei se eu era o indio ou non. un disfrace feito cun saco de patacas.
tanta fame resumida en xestos.
ó final sempre gañan os mesmos e realmente todo o mundo está triste.
o curso dislocado dos ríos. por aquí pasaches ti e nin sequera é unha ferida. terra seca.
unha experiencia traumática. unha viaxe en coche.
foi como entra a luz pola ventá do meu cuarto baleiro. dentro dos meus ollos.
quelques mots d'amour quand j'en avais besoin, seulment. iso. nada máis. non foi nada.

pensa en Catherine Deneuve. pensa que pasaría se Catherine Deneuve tivese entrado entón naquel cuarto. a persiana baixada. o aire cargado. como todo cambiaría. pensa nos nosos corpos nus. os dous sentados do mesmo lado da cama. conta cantos pasos daría Catherine Deneuve antes de chegar a nós. e como nos miraría. e como a mirariamos. pensa na vergonza. Catherine Deneuve movéndose como unha pinga de suor que esvara. subindo a persiana. desaparecendo. pensa no que diriamos despois. se diriamos algo.

e todos os cigarros. a nosa boca no mesmo filtro. na mesma pantalla. por ti estaba disposto a morrer, entendes?

fumar mata.

isto estame quedando moi francés, non cres?
pero a culpa é túa, do teu piso de estudante,
do estampado do sofá e das películas. a culpa é das películas.
todo tan branco polas mañás. a expectación que crean as películas.
as cadeiras coxas da cociña. a dor para a que non nos preparan as películas.
a estrutura. o drama.

claro que culparte de todo non sería xusto. sería como quitarme protagonismo.

namorei de ti porque pensei que morrerías antes.
e fun coello sorrindo na verea mollada. nos portais.

todas as veces que tracei no teu pescozo a ruta do meu cabeiro.
o seme do príncipe.
a inxenuidade coa que che sostiña os pulsos.

despois, ó final do camiño, a túa anatomía de lebre burlándose de min.
os teus dentes brancos manchados de sangue mentres te afastas.

dous cabalos separándose despois do sexo. ás veces pénsoo así e doe menos.

(como rapaces americanos e sen coche. un home con pistola que nos mercaba alcol. e nós inconscientes na parte de atrás. privados de manxares e coa boca aberta. ese verán fun máis novo ca nunca en ningún sitio. pregunta por aí se non me cres. mira nas fotos.)

sabes cantos cabalos morren atropelados? eu tampouco o sabía. comecei a contar xusto despois.

Concello de AMES

Colabora FUNDACIÓN FEIRACO